ANA PATRICIA TORRES MADUREIRA (1 para 1)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 07/06/2021
HASH: 27d6e257da444ba9fb38c8e193b6a598d

# BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 XEFES DE BRIGADA, 2 PEÓNS CONDUTORES E 6 PEÓNS AO ABEIRO DA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE BOBORÁS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2021 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020)

**Primeira: Obxecto da convocatoria.**

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Boborás integrada por **2 XEFES DE BRIGADA, 2 PEÓNS CONDUTORES E 6 PEÓNS**, no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boborás para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais".

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o PLADIGA.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena disponibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19

da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.

2. Labores de prevención de incendios, que se desenvolveran en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.
3. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

**Segunda: Normativa aplicable.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado
- Orden de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal interino e demais normativa vixente na materia.

**Terceira: Modalidade e duración do contrato.**

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19

As contratacións realizaranse a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, a xornada completa. A duración da obra ou servizo será de 3 meses. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

**Cuarta: Requisitos dos aspirantes.**

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) **Nacionalidad**e: Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) **Titulación académica:** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

**XEFE DE BRIGADA**: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

**PEÓN CONDUTOR OU PEÓN**: certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.

c) **Idade**: Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade de xubilación.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19

d) **Capacidade**: Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta, para o cal se realizará o oportuno recoñemento médico.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) **Habilitación**: Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f) **Carné de conducir:** O B no caso de Xefe de Brigada e Peón Condutor.

g) **Coñecemento da lingua galega:** De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: *Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma,e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vigente*. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

**Quinta: Procedemento de selección e presentación de instancias.**

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición previsto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O anuncio da convocatoria será publicado no BOP, na páxina web municipal -www-boborás.gal- e

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 19

no taboleiro de edictos do Concello. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo de 5 días HÁBILES seguintes ó da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Ourense, no Rexistro Xeral do Concello de Boborás en horario de 8.00 a 14.30 h. Tamen poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, neste caso, os concursantes deberán comunícalo mediante fax -988402108- durante o mesmo prazo que o da presentación de instancias.

**Sexta: Documentación a presentar.**

a) Solicitude de participación anexa á estas Bases (ANEXO I)
b) Fotocopia compulsada do DNI.
c) Fotocopia compulsada do carné de conducir, no seu caso (Xefe de Brigada/ Peón Condutor)
d) Fotocopia da titulación esixida
e) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

**Sétima: Admisión de candidatos.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web -www.boboras.gal-, e concederase un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou emendas de erros.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional.
No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da proba de aptitude física, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web -www.boboras.gal-.

**Oitava: Tribunal Cualificador.**

O tribunal estará constituído por:

- Presidente: Jorge Moreno Martin-Caloto, secretario-interventor do Concello, ou a persoa

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 19

en quen delegue.

- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.
- Secretario: Francisco Javier Masid Pérez, auxiliar administrativo do Concello.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.
- 3 Vogais:

  Carmen Janeiro Estévez, técnico de administración do Concello.
  Javier Francisco Rivera, técnico de administración do Concello.
  José Fírvida Rodríguez, técnico da Deputación provincial de Ourense.
- Suplentes: tres funcionarios ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.

Os/as membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concurran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os sustitúan.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orden as mesmas.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 19

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuizo de que ésta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

**Novena: Procedemento e criterios de selección.**
En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante CONCURSO-OPOSICIÓN :

**A) VALORACIÓN DE MÉRITOS**

A selección por concurso-oposición e farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

**A.1.- MERITOS ESPECÍFICOS XEFE DE BRIGADA.**

**I.- Por experiencia profesional**: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 3 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios: 0’10 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios na empresa privada: 0’05 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19

certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixiancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

**II.- Formación previa**. Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de 1 punto).

Con duración de ata 30 horas...................... 0’03 puntos cada un.
Con duración de 31 a 100 horas.................. 0’10 puntos cada un.
Con duración superior a 100 horas…..........0,30 puntos cada un.

**A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada**.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,02 puntos por curso.

**III.- Por estar en posesión do carné de conducir C ou BTP**...................................0,20 puntos.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

**A.2.- MÉRITOS ESPECÍFICOS PEÓN CONDUTOR E PEÓN.**

**I.- Por experiencia profesional**: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 3 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios: 0’10 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios na empresa privada: 0’05 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixiancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

**II.- Formación previa**. Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19

valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de 1 punto).

Con duración de ata 30 horas...................... 0’03 puntos cada un.
Con duración de 31 a 100 horas................. 0’10 puntos cada un.
Con duración superior a 100 horas...............0,30 puntos cada un.

**A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada**.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,02 puntos por curso.

**III.- Por estar en posesión do carné de conducir C ou BTP**...................................0,20 puntos.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

**B) FASE DE OPOSICIÓN**

A proba levarase a cabo na data, hora e lugar fixado por Resolución de Alcaldía.

**PROBA DE COÑECEMENTOS**

**Integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Valorarase ata un máximo de 6**

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19

**puntos.**

Consistirá en contestar a un máximo de **40 preguntas** tipo test con respostas alternativas no caso do Xefe de brigadistas e **20 preguntas** no caso dos peóns e do peón condutor que preparará o Tribunal o mesmo día de celebración do exercicio, para o cal se debe reunir horas antes do comenzo da proba. As preguntas versarán sobre o contido que figura no temario de temas comúns e específicos.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o tribunal. Cada pregunta terá tres respostas posibles, sendo unha delas a correcta. As respostas erróneas restarán unha terceira parte do valor asignado á resposta correcta e as preguntas no contestadas consideraranse cero puntos cada unha delas.

Calificación: A valoración máxima por este exercicio será de 6 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos para aprobar.

TEMARIO PARA O XEFE DA BRIGADA

**ANEXO**

TEMAS COMÚNS

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.- Dereitos e Deberes fundamentais dos españois.

Tema 3. Principios rectores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.

Tema 4.- Organización e competencias municipais. Réximen dos municipios de gran poboación.

Tema 5.- Bens das Entidades Locais. Concepto e clasificación. Inventario e Rexistro. Desfrute e aproveitamento. As prerrogativas das Entidades locais respecto ós seus bens.

Tema 6.- A provincia como entidade local. Organización e competencias.

Tema 7-. A cooperación municipal.

Tema 8-. As relacións entre as Comunidades Autónomas e as Deputacións Provinciais.

Tema 9.- Reximenes especiais. As Islas: os Consellos e os Cabildos Insulares.

Tema 10.- A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciais.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 19

Tema 11.. Entidades locais de ámbito inferior ó municipio.

Tema 12.- As comarcas.

Tema 13.- As mancomunidades de municipios.

Tema 14.- O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade

Tema 15.- Elección dos concelleiros e alcaldes.

Tema 16.- Elección de deputados provinciales y presidentes de Deputacións provinciais.

Tema 17.- Elección de conselleiros e presidentes de Cabildos e presidentes de Cabildos e Consejos Insulares.

Tema 18.- A moción de censura  e a cuestión de confianza no ámbito local.

Tema 19.- Ó recurso contencioso-electoral.

Tema 20.- O Estatuto dos membros electivos das Corporacións locais.

Tema 21- Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local.

Tema 22.- A iniciativa económica das Entidades locais e a reserva de servizos en favor das Entidades locais.

Tema 23- O servizo público nas entidades locais. Concepto.

Tema 24- As formas de xestión dos servizos públicos locais.

Tema 25.- O municipio de Boborás. Termo municipal.

Tema 26.- Poboación do municipio de Boborás.

Tema 27.- Datos de interese do Municipio de Boborás.

Tema 28.- Distribución xeográfica e parroquial do municipio de Boborás.

TEMAS ESPECÍFICOS

Tema 1**.-** Materiais, útiles e ferramentas empregadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 2**.-** Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19

contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 4.- Funcións dos peóns da brigada na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- O Pladiga

Tema 6.- Zonificación do territorio nos distritos forestais

Tema 7.- Xerarquía dentro do distrito forestal

Tema 8.- Funcións do peón condutor

Tema 9.- O comportamento do lume.

Tema 10.- O incendio forestal

Tema 11.- Propagación do incendio

Tema 12.- Extinción dos incendios forestais

Tema 13.- Introdución dos métodos de ataque contra os incendios.

Tema 14.- Métodos de ataque

Tema 15.- Ataque directo: Extinción mediante rega: tendido de mangueiras

Tema 16.- Ataque indirecto. A liña de defensa

Tema 17.- O contralume

Tema 18.- A liña de control

Tema 19.- Técnicas de liquidación

Tema 20.- Etapas da liquidación

Tema 21.- Indicadores de puntos quentes

tema 22.- Seguridade durante a liquidación

Tema 23.- Ferramentas que actúan sobre a calor

Tema 24.- Ferramentas que actúan sobre o osíxeno

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 19

Tema 25.- Ferramentas que actúan sobre o combustible

Tema 26.- Mantemento das ferramentas

Tema 27.- Maquinaria lixeira

Tema 28.- Uso da motoserra na extinción

Tema 29.- Uso da rozadoira na extinción

Tema 30.- Radiocomunicacións nos incendios forestais

Tema 31.- Estrutura organizativa. Canles dunha emisora

Tema 32.- Sistemática da comunicación

tema 33.- Manexo e mantemento dos equipos de comunicación.

TEMARIO PARA OS PEÓNS DA BRIGADA

**ANEXO**

TEMAS COMÚNS

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.- Dereitos e Deberes fundamentais dos españois.

Tema 3.- Principios rectores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.

Tema 4.- Organización e competencias municipais. Réxime dos municipios de gran poboación.

Tema 5.- Bens das Entidades Locais. Concepto e clasificación. Inventario e Rexistro. Desfrute e aproveitamento. As prerrogativas das Entidades locais respecto ós seus bens.

Tema 6.- A provincia como entidade local. Organización e competencias.

Tema 7.- A cooperación municipal. As relacións entre as Comunidades Autónomas e as Deputacións Provinciais. Rexímenes especiais. As Islas: os Consellos e Cabildos Insulares. Tema 8.- A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciales. Entidades locais de ámbito inferior ó municipio.

Tema 9.- As comarcas. As mancomunidades de municipios.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 19

Tema 10.- O sistema electoral local. Causas de inelexibilidade e incompatibilidade.

Tema 11.- Elección dos Concelleiros e Alcaldes. Elección de Deputados Provinciais e Presidentes de Deputacións provinciais.

Tema 12.- Elección de Conselleiros e Presidentes de Cabildos e Consellos Insulares.

Tema 13.- A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral. O Estatuto dos membros electivos das Corporacións locais.

Tema 14.- Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local.

Tema 15.- A iniciativa económica das Entidades locais e a reserva de servizos en favor das Entidades locais.

Tema 16.- O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.

TEMAS ESPECÍFICOS

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregados tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 4.- Funcións dos peóns da brigada na prevención e defensa contra incendios forestais.

— **Segundo exercicio:**

**PROBA DE APTITUDE FÍSICA**

Exercicio: proba de aptitude física de carácter eliminatorio.

De conformidade co establecido no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Boborás para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, será necesario a superación dunha proba física consistente en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto ( 22,5

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19

veces/minuto) durante un período de cinco minutos un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm de altura para mulleres. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física. Unha vez finalizado ese tempo, a persoa que realizou o exercicio repousará 15 segundos, e unha vez finalizados se lle tomará o pulso (nos pulsos ou no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). A proba se realizará nun local tranquilo, necesitándose unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de peso, idade, e pulsacións, se pasarán as táboas establecidas no anexo I do Convenio, para determinar a superación ou non da proba.

Os resultados de proba cualificaranse como APTO / NON APTO.

**PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO**

Consistirá en traducir un texto do castelán ao galego, para aqueles que non acrediten o CELGA 2.

**Décima: Lista de seleccionados e presentación de documentación.**

Unha vez rematada a proba física e a cualificación dos méritos aportados por cada un dos aspirantes así como a entrevista , o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web -www.boboras.gal- a relación de seleccionados por orde de puntuación.

Ningún aspirante poderá ser contratado se non obtén a cualificación de apto na proba de aptitude física.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da cualificación da fase de concurso e oposición, sen prexuízo do xa sinalado en relación á proba de aptitude física.

O tribunal presentará ao alcalde a proposta dos/as candidatos/as que obtivesen maior puntuación e tivera superado a proba de aptitude física, para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Os/as aspirantes propostos/as achegará no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos e na páxina web os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19

- Documentación orixinal, presentada coas instancias, para o seu cotexo.

- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentencia firme.

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

- Certificado de titularidade da conta bancaria.

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións as que se opta.

- Tarxeta da Seguridade Social

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrerá por falsidade na solicitude de participación.

**Décima: Formalización do contrato.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, o alcalde efectuará o nomeamento a favor dos/as candidatos/as propostos/as e asinará os contratos laborais nun prazo máximo de cinco (5) días naturais (sempre con data posterior ao 1 de xullo de 2021).

**Undécima: Bolsa de reserva.**

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 19

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado.

**Duodécima: Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei **39/2015** de Procedemento Administrativo Común, mediante a interposición do recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos a contar dende o día seguinte a publicación.

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19

# CONCELLO DE BOBORÁS

## ANEXO I

## MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

| **Posto ó que se opta:** |
|---|
| |

D/Dª......................................................................................................................., con DNI ….. ……... . ………... e domicilio, a efectos de notificación, ….. ………………… ………………………………………………… ………
…………………………………….........................................teléfono de contacto ........................ ..……….........

**Expón:**

Que enterado da convocatoria publica efectuada polo Concello de Boborás desexa participar no concurso convocado para a provisión deste posto de traballo, mediante contratación en réxime laboral temporal, modalidade de contrato de duración determinada a tempo completo, do artigo 15.1 B) polo que se aproba o Real Decreto 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

A tal efecto, faise constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria
- Que autorizo ó Concello de Boborás para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concelloe na páxina web municipal www.boboras.org, o ser de publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección

- Que aporto a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación anexa ás Bases. (ANEXO I).
2. Fotocopia de DNI.
3. Fotocopia do carné de conducir.
4. Fotocopia do título esixido.
5. Documentación acreditativa e méritos alegados:
______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
______
________________________________________________________________________

Carné C/BTP: SI ☐ NON ☐

**Solicita:**

Ser admitida/o a participar na presente convocatoria.

O abaixo fírmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Boborás, a …… de ………………………………. de 2021

Sinatura

Cod. Validación: ANWWLCW7FMNCEJPLDTRKF4WCJ | Corrección: https://boboras.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19